

Tempo ou sombra? (2)

Xosé Otero Canto 20 de febreiro de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.38813.php>

Ai, sombra! Aínda que sexas unha opacidade que non quere a irradiación da luz, es froito dela, non se te pode apalpar e sentir as túas contornas cambiantes que proxectan escuridades, tan só os ollos son quen de debuxarte na rotación improvisada e constante dos astros, cando a conxunción da luz non quere esquecerse e faite máis visíbel na túa non materia, quizais os anxos e as fantasmas te poboan e te conforman porque es reversíbel, oposta e irreverente aínda que desaparezas e aparezas, sendo sempre secundaria.

Es como unha filla bastarda da luz que os obxectos non queren, mais es filla deles e froito dun incesto dos obxectos e animais e do sol, por iso, ás veces, queren esconderte ou es ti quen se esconde? Non queres que te vexan e desapareces. Sabes que non hai ningún, xa sexa obxecto, xa sexa animal que apareza e desapareza sen deixar o máis mínimo rastro coma ti, pero seguro que tes momentos de melancolía por deixarnos así, de súpeto, como quen vai e vén, como quen tece e destece, como Penélope á espera do seu home, seguro que cando desapareces vas como Odiseo á procura doutros lares ou, se cadra, es unha vasala da luz que te coida porque te necesita para poder existir, e nós, cando desapareces, botámoste de menos porque formas parte do tempo e das nosas maneiras de concibir a vida e o mundo que coma ti, escápase e flúe sen deixar rastro en ningún lugar dos que habitas porque, ao mellor, tamén es única e exclusivamente tempo ou sombra.